

Manuel Vilanova. *A esmeralda branca*

Iria Sobrino Freire

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

SOBRINO FREIRE, IRIA (2011 [2006]). “Manuel Vilanova. *A esmeralda branca*”. *Anuario Grial de Estudos Galegos*: 2006, 199-200. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/72>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

SOBRINO FREIRE, IRIA (2006). “Manuel Vilanova. *A esmeralda branca*”. *Anuario Grial de Estudos Galegos*: 2006, 199-200.

* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

MANUEL VILANOVA. *A ESMERALDA BRANCA*

Iria Sobrino Freire

O contundente regreso de Manuel Vilanova á literatura galega chámase *A esmeralda branca*. Vinte e un anos despois da aparición d’*A lenda das árbores de prata*, e tras a publicación de dúas obras en castelán (*Casa para los ojos* en 1988, e *El corazón del pan* en 2002), o poeta de Barbantes asinou este extensísimo poemario (525 páxinas), que mereceu o Premio da Crítica Española ao mellor libro de poesía en lingua galega de 2006. As entrevistas e recensións que suscitou, así como a reedición en 2007 do seu primeiro libro en galego, *E direi-vos eu do mister das cobras*, tamén a cargo da editorial Follas Novas, contribuíron a visibilizar un escritor de escasa presenza na vida literaria galega.

A esmeralda branca é un libro sólido e unitario, no que o canto á natureza –fundamentalmente ao Ribeiro –constitúe o principal eixe vertebrador dos poemas. O lugar elévase aquí á categoría de sagrado, e é invocado por medio dos seus diferentes nomes: os topónimos, os nomes das árbores e dos accidentes topográficos, que mostran non só o gusto do autor pola enumeración, senón que apuntan tamén ao sentido transcendente do nomear. Porque a poética de Vilanova está impregnada de relixiosidade, e a palabra adquire por momentos a función de re-crear no poema a grandeza da Creación. Estamos diante dunha relixión de signo vitalista, e por iso a palabra ten tamén unha dimensión celebratoria do gozo de vivir. Así, o espazo natural evocado acaba por se converter nun particular paraíso na terra, onde o falante se representa vivindo en harmonía ao lado do ser amado, a Meiga (“Os días, Meiga cristalina, o día / que no corpo me gravou o teu nome / gravaron todo o que me aconteceu e xa foi azougue [...] / E Deus pousou a man nos nosos labios, / polos ares fixo Arcanxos para nós, loureiros nas ladeiras”, p. 73).

Poesía total, *A esmeralda branca* dista, con todo, do didactismo de cosmogonías clásicas, como *De rerum natura*, de Lucrecio, ou contemporáneas, como o *Cántico cósmico*, de Ernesto Cardenal, por exemplo. Aínda que os discursos científico ou historiográfico comparecen en ocasións nas páxinas deste libro, é constante a deriva cara ao subxectivismo e a ironía, así como a adopción de figuras das mitoloxías pagás, tanto cultas como populares: o deus Nechtan (p. 121), Saturno (pp. 122-123), o deus Dagda (p. 125), as Mouras (p. 131), o deus Tubal (p. 141), o lobishome (pp. 162, 367), o deus Lug (p. 165), o dragón (p. 171), as tempestarias (p. 173), o vampiro (p. 179), o deus Ur (p. 285), o basilisco (p. 337), o tardo (p. 342), o trasno (pp. 352-353), o Urco (pp. 356-357), os tritóns do Ribeiro (p. 373), as mulleres-lobo (p. 387), as Lumias (pp. 408-409), o Miñotauro (p. 426)... A Ciencia, a Historia e a Relixión perden aquí o seu carácter de discursos totalizantes, e mestúranse con outros sistemas de interpretación do real: non se trata xa, daquela, de procurarlle unha orixe ao universo que coñecemos, senón de presentar poeticamente un mundo

no que o cultural modela a ollada que proxectamos sobre el (“Os símbolos, a medida que traballan en nós, / forman novos trazos no rostro, / guían o noso ollar cara ás profundidades do espírito / e forzan as nosas mentes a movérense en direccións máxicas”, p. 120).

Á parte da pluralidade de fontes das que bebe o poemario, hai que subliñar tamén a súa notábel variedade de rexistros. A irregularidade dos versos, libérrimos, que compoñen os poemas deste libro e a súa marcada discursividade posibilitan a creación dun estilo moi persoal caracterizado pola combinación de linguaxes diversas, que van desde a lingua coloquial ao modernismo, pasando polo romantismo e mesmo, ás veces, polo surrealismo – cuxa influencia era, porén, máis patente en *E direi-vos eu do mister das cobras*. Prevalece, con todo, a dicción clásica, que suaviza o aceno transgresor do hibridismo e dota ás composicións dunha importante unidade tonal.

Así pois, en contraste coa elevada función que se lle asigna ao poético n’*A esmeralda branca* en tanto que conmemoración do sagrado, chama especialmente a atención a falta de gravidade da súa linguaxe, a súa naturalidade. Se a miúdo se asocia a poesía coa tensión da palabra, o que destaca neste libro ao contemplalo no seu conxunto é, pola contra, o predominio da distensión. Aínda que o compoñente lingüístico poida chamar a atención sobre si mesmo en secuencias breves, como o verso ou o período, o volume dos poemas e, sobre todo, do poemario, operan en beneficio da ocultación da *outredade* da poesía, da súa calidade de *fala estraña*.

Por último, no que atinxe á poética explícita da obra, cómpre destacar o vínculo que se establece entre natureza, divindade e poesía. En efecto, nunhas ocasións outórgaselle á natureza a facultade de producir a arte verbal (“O Monte Alba, grisalla a Ría, empezou / a escribir versos sobre a pobreza do que somos”, p. 321), e noutras, a palabra poética concíbese como unha liturxia (“O Cabaleiro azul poetizaba na mañá ao pasar por San Paio de Ventosela, / poetizaba como se a palabra fose [200] unha liturxia, / ideas, imaxes, temas, metáforas con incenso, motivos / en mesturas e disociacións, como se fosen unha liturxia, / como unha liturxia era aquela mañá de final de primavera”, p. 351) ou como don divino (“[...] pola xanela onde ti, medroso, moras ao pé das vellas metáforas / mora axitada a poesía. / O nome dela, provén de Deus que nos preside e molla consteladamente. / Elévase con orde e grandeza”, p. 519).

Pero novamente, fronte ao carácter transcendente e divino do acto poético, Vilanova opón o humano: a ironía. Convén salientar neste sentido a introdución dunha serie de procedementos de *desrealización* ou de distanciamento con respecto á poesía, como as apelacións ao lector (“Lector que na claridade do día / pasas lentamente finxindo que non me ves”, p. 33; “lector, dáme a túa man”, p. 124; “Para o lector que resolva a desatinada pregunta coa que vou rematar este sosegado poema / será o sabedeiro néctar das abellas de Castrelo de Miño”, p. 206), a autorrepresentación do autor dentro do poema (“Eu, o poeta Manuel Vilanova, que cheguei hoxe do Ribeiro / algo musgado e con medo aos lobos / quixera preguntavos”, p. 80; “Vilanova usaba entón das palabras máis simples e sinxelas”, p. 519) ou o cuestionamento dos límites da poeticidade (“Non sei que pasa nos meus poemas que sempre se escapan os cabalos. / A verdade é moi dubidoso que isto sexa un poema”, p. 208).